

CARMEN Y LOLA

[Arantxa Echevarría, 2018]

437

ESTREA EN NUMAX: 14.09.2018 | V.O. | +12

Carmen y Lola (2018, 103')

Dirección: Arantxa Echevarría

Guión: Arantxa Echevarría

Elenco: Moreno Borja, Carolina Yuste, Rosy Rodriguez,

Zaira Morales, Rafaela León

Son: Fabio Huete, Daniel Peña

Montaxe: Renato Sanjuán

Música: Nina Aranda

Vestuario: Teresa Mora

Fotografía: Pilar Sánchez Díaz

Produtoras: Tvtec servicios audiovisuales ICAA (España)

Distribuidora: Super 8

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Nomeada á Cámara Queer)

FILMOGRAFÍA

7 from Etheria, 2007 [VV.AA.]

Yo, presidenta, 2015 [curtametraxe]

De noche y de pronto, 2012 [curtametraxe]

SINOPSE

Carmen e Lola son dúas adolescentes xitanas do extrarradio de Madrid que tratan de levar cara a diante o seu romance, a pesar dos inconvenientes e discriminacións sociais ás que teñen que verse sometidas pola súa familia. Nunha cultura onde a homosexualidade é un tabú e as mozas parecen estar destinadas a casar e ter moitos fillos, este filme adéntranos nos retos aos que deben enfrontarse as protagonistas desta complicada relación.

«O seu costumismo é do bo, posúe frescura, sensualidade e capacidade para emocionar»

Carlos Boyero, EL PAÍS

i! FOMENTO
DA IGUALDADE
DEXÉNERO



“A muller xitana está esmagada, é invisíbel para payos e xitanos”

Entrevista con Arantxa Echevarría

Por Begoña Piña

Para facer a primeira longametraxe, unha historia de mulleres xitanas lesbianas non era moito berenxenal?

Tivera un mínimo contacto cuns xitanos nunha rodaxe de Gabriel Velázquez e sorprendeume moito, sobre todo a súa historia cultural. Logo lin a historia do primeiro matrimonio de dúas mulleres xitanas, onde saía unha foto delas de costas e con nomes anónimos e quixen saber máis. Pero eu tiña ganas de falar do primeiro amor, ese que pensas que é para sempre, que non esqueces. A miña primeira relación sexual foi con alguén para quen tamén era a primeira vez e foi un xogo, moi divertido. Un lío cheo de ilusión. E pensei que podería pasar se fosen mozas xitanas.

Como fixo todo o traballo de investigación? Contactou con xitanas homosexuais?

Púxenme a buscar pero era imposible. Non atopei nin unha. Están ocultas. Un día metínme en internet co nick *gitana guapa*. Respondeume unha que me preguntou de que familia era. Só se me ocorreu dicir que Heredia. Ela non quería ligar, só falar. E atopei un núcleo, pero non queren que as nomee. Son mulleres que fuxiron ou foron

repudiadas. Para poderen ser aceptadas teñen que rexeitar a súa sexualidade. Elas queren estudar, non seren pedidas con 16. O filme é moi *light* comparado coa súa vida, que é terrorífica.

Como conseguiu a Zaira Morales e Rosy Rodríguez?

Diciannos que non as íamos atopar, que un filme así era imposible de financiar. Atopámolas. Zaira é *merchera*, unha comunidade que ten uns costumes moi parecidos aos xitanos, aínda que se levan fatal. É unha adolescente encantadora, con moita forza. A súa nai apoiouna. E Rosy ten unha vida increíble, é unha xitana mal casada aos quince anos, sufriu malos tratos, foi a un centro de menores e fuxiu. É unha desarraigada. Fixemos un cásting de mil xitanas, durante seis meses.

Hai algo de vostede nas dúas mozas xitanas do filme?

Moitísimo. Os medos da adolescencia, a busca do propio ser, saber que es diferente, eu era a estraña porque quería facer cinema. Cando lle dixen a meu pai que era o que quería facer, con dez anos, díxome que como era nena podía facer o que quixera. E meu pai era un home progresista.

Rodar con non profesionais e, neste caso, xitanos que falan deste tema...

Neste filme tivemos crise de guión, de financiamento, de cásting e de rodaxe. Na rodaxe había reunións de crise cada dous días. Os actores, cando rodabamos, o primeiro que dicían era: *Que lacha!* (que vergoña). Ao final decidín que ía ser o filme que tivera que ser. Eu quería que fose máis documental. Como muller,

feminista e activista, esta foi a rodaxe máis dura da miña vida porque tiña que amosar respecto, non me podía posicionar.

Carmen y Lola é un filme que nace do compromiso, unha historia necesaria.

Sorpréndeme que non haxa máis filmes necesarios, aínda que agora vén unha xeración de cineastas moi creativa, en España hai moi pouco cinema de autor e hai menos de cinema social. No caso da muller xitana ou conta unha *paya* esta historia ou non a conta ninguén. A muller xitana está pisoteada, esmagada, é invisíbel para *payos* e xitanos.

Como ves a situación da muller no cinema?

Agora mesmo as mulleres cineastas estámolo a petar, mira o palmarés do Festival de Málaga. Levabamos caladas moito tempo. Sempre fixen traballos de empoderamento da muller. A miña curtametraxe, *Yo, presidenta* (2016), era dunha muller presidenta, e logo fixen un thriller, sobre o que nos dá medo ás mulleres.

Que lle gustaría que resultara de todo este esforzo, ademais do que xa conseguiches?

Se conseguimos que o que fixemos sexa visto por unha nai xitana que ten un fillo que quere ser rapaza, por exemplo, e logo de ver o filme lle diga que faga o que el queira. Só por esa persoa pagaría a pena. Quero que o filme se vexa en centros, asociacións, colexios... e nos cinemas.

Publicado en publico.es
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!